	Centro	Título del Documento / Registro		
	EDUCACIÓN ESPECIAL	PLAN DE CONTINXENCIA		
		Código	Edición	Páxina
		1	1 de 5	

PLAN DE CONTINXENCIA CEEPR JUAN MARÍA

O Plan de Continxencia do Centro de educación especial Juan María ten a finalidade de establecer as medidas de vixilancia, control e prevención co obxectivo de protexer e previr o máximo posible o risco de contaxio por COVID-19 durante o desenvolvemento da actividade lectiva presencial.


Este Plan tamén establece os procesos para o reinicio da actividade académica presencial, no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun gromo que supoña o cese da actividade presencial dunha aula ou do Centro.

ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ N DUN GROMO


O Centro conta cun equipo de 3 persoas (directora, xefa de estudos e profesora) formado na COVID-19 que será referencia á hora de cumprir o protocolo para o resto do persoal, profesorado, alumnado e familias. A directora ou a persoa na que delegue ten a función de coordinadora Covid e a de interlocutora coa administración.

As medidas que hai que seguir no Plan son as seguintes:

1. Non asistirán ó Centro educativo o alumnado, as profesoras e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.
2. Co alumnado ou persoal que desenvolva síntomas compatibles con COVID-19 no Centro educativo, seguirase o protocolo de actuación do Centro:
 - Avisarase a persoa responsable do manexo da Covid-19 e contactarase cos familiares ou tutores legais do alumno/a.
 - Paralelamente, no caso do alumnado con síntomas, colocaráselle unha máscara cirúrxica, se o alumno/a dadas as súas características o tolera.
 - Intentarase manter a distancia mínima de seguridade, sempre que sexa posible, xa que a maioría do noso alumnado necesita dun apoio e contacto físico.

	Centro	Título del Documento / Rexistro		
	EDUCACIÓN ESPECIAL	PLAN DE CONTINXENCIA		
		Código	Edición	Páxina
		1	2 de 5	

- Levaráselle á sala de illamento Covid (sempre que as características físicas ou condutuais do alumnado o permitan), destinada ó efecto ata a recollida por parte da familia. Esta disporá de adecuada ventilación, xel hidroalcohólico, panos de papel e papeleira con tapa de pedal.
 - A persoa que acompañe o caso sospeitoso deberá levar o material de protección adecuado:
 - ✓ Máscara cirúrxica, se a persoa con síntomas a leva.
 - ✓ Máscara FFP2 sen válvula (KN95), ademais dunha pantalla facial e dunha bata dun só uso, dado que a maioría do noso alumnado non leva máscara ou o fan de maneira incorrecta.
 - Se coincidisen no tempo máis dun caso con sintomatoloxía compatible coa Covid-19, os restantes casos agardarán acompañados por algunha persoa traballadora do Centro educativo, de preferencia, nun lugar cuberto exterior ó edificio ou noutro lugar interior coa ventilación adecuada. Estas opcións espaciais poderán ser a primeira elección sempre e cando se baseen nas necesidades físicas, cognitivas ou condutuais do alumnado.
 - O Centro contará cun stock deste material para as situacións nas que se requira para a atención dun caso sospeitoso.
3. A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu médico para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico.
 4. No caso no que o/a traballador/a inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara e, logo, seguir as instrucións do seu centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.
 5. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061.
 6. No suposto da aparición/comunicación dun caso no Centro educativo, tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do Centro, chamaremos ó teléfono específico disponible en EDUCOVID e poñerémonos en contacto coa Central de seguimento de contactos(CSC) para identificar os contactos estreitos do ámbito educativo. Informarase tamén a Xefatura Territorial de Sanidade, co servizo Epidemiolóxico, ó centro de saúde de Atención Primaria de referencia ou ó teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións.
 7. A persoa coordinadora do equipo COVID-19 chegaralle unha notificación a través da aplicación EduCOVID. A petición será da Central de Seguimento de Contactos (CSC), para que a través do acceso ó EduCOVID incluía, na aplicación informática, a información prevista do eventual afectado/a relativa ós contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao Centro educativo.
 8. Comunicar tamén á Inspección educativa do suposto caso positivo, gromo ou peche de aula.

	Centro	Título del Documento / Rexistro		
	EDUCACIÓN ESPECIAL	PLAN DE CONTINXENCIA		
		Código	Edición	Páxina
		1	3 de 5	

9. En función do número de contaxios, poderán ordenar o peche dunha ou varias aulas ou do Centro educativo na súa totalidade. Seguiranse sempre as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade.
10. No caso de ter dúbidas dirixirse por correo a Área sanitaria de Vigo.
11. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, a través do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena, o que se lles comunicará ó equipo COVID do Centro para a súa comunicación á comunidade educativa.
12. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito.


ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ó ensino a distancia.

1. O ensino non presencial será impartido por todo o equipo multidisciplinar coordinado pola profesora/titora de cada aula.
2. Preferentemente realizárase a través da vía telemática: vídeo chamadas a través de WhatsApp, Skype e Meet; correo electrónico, aplicacións ou programas como Genial.ly ou fichas interactivas (Liveworksheets)... E o equipo fará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia ou con pautas de actuación á familia.
3. O profesorado identificará o alumnado que teña dificultades de conexión, falta de equipamento ou algunha outra carencia e necesidade familiar e informará á dirección do Centro para adoptar as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades.

Durante o período de suspensión da actividade presencial o noso Centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

- a) O equipo multidisciplinar reunirase unha vez á semana telemáticamente e propondrá actividades / tarefas para continuar desenvolvendo os obxectivos propostos no ACI do alumno/a.
- b) A profesora enviará preferentemente de maneira telemática as actividades ó alumnado ou ás familias.

	Centro	Título del Documento / Registro		
	EDUCACIÓN ESPECIAL	PLAN DE CONTINXENCIA		
		Código	Edición	Páxina
		1	4 de 5	

c) Dependendo das características do alumnado e das súas necesidades os contactos telemáticos poden ser diarios, semanais...

d) Realizaranse videochamadas individuais ou grupais sempre que as familias o autoricen. Para o alumnado máis autónomo as titorías en liña ou telefónicas poden ser individualizadas. Con este alumnado traballarase mediante ordenador ou tableta utilizando páxinas web de recursos interactivos e páxinas como Liveworksheet que nos permitan transformar as nosas propias fichas en interactivas.

Tamén continuarase traballando cos proxectos propios do noso Centro compartidos a través dos nosos blogs e das nosas redes sociais (Reporteros en red, blog de cocíña Juan María...).

e) Os demais profesionais do equipo multidisciplinar tamén poderán enviar as súas tarefas no caso de ser obxectivos concretos das súas disciplinas.

f) A profesora realizará o seguimento semanal do alumno/a e concretará cos demais profesionais do equipo a seguinte reunión multicisciplinar.


g) Ó alumnado da combinada aplicaráselle as mesmas medidas do protocolo co engadido de que teremos un contacto tamén telemático co profesorado do outro centro para realizar o seguimento.

h) A profesora realizará tamén tarefas de apoio á familia e ofrecerá os recursos que o Centro e a Asociación lles poida facilitar.

MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

Finalizado o período de peche presencial da aula ou do Centro levarase a cabo unha planificación do retorno á actividade presencial.

1. Dependendo do tempo que dure o peche presencial, o equipo multidisciplinar realizará unha pequena valoración para saber se houbo evolución e xeneralización dos obxectivos traballados ou se detecta algún retroceso.
2. Se non se producen retrocesos continuarase cos aprendizaxes dos obxectivos do ACI do alumno/a que aínda non se traballaron ou consolidaron.
3. No alumnado que se detecte un empeoramento, dado a que sempre realizamos programas individualizados, reformularáselle os obxectivos retrocedendo ata o nivel que ten adquirido.
4. Continuarase cun contacto telemático coas familias para informarles do proceso de reinicio da actividade lectiva presencial da aula ou do Centro.

 Centro Juan María	Centro		Título del Documento / Registro		
	EDUCACIÓN ESPECIAL		PLAN DE CONTINXENCIA		
			Código	Edición	Páxina
			1	5 de 5	

***MODIFICACIÓNS**

Este Plan de Continxencia sufrirá actualización en función de futuras modificacións nos protocolos publicados pola Consellería de Cultura, Educación e Sanidade ou pola Consellería de Sanidade.

As "ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL" tamén poden sufrir cambios en base as medidas que se nos transmita, nun posible confinamento, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade.